

Nove poemas galegos e un conto de Salvador Golpe (1850-1909)

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

A breve obra en lingua galega de Salvador Golpe, nove poemas e un conto, recóllese por primeira vez neste traballo que lembra a súa vida e obra no centenario da súa morte.

Abstract

A short work in the Galician language about Salvador Golpe. Nine poems and a tale, collected for the first time in this work, which remembers his life and work on the centenary of his death.

INTRODUCCIÓN

Cumpríuse neste ano o centenario da morte do poeta e escritor Salvador Golpe Varela, autor que tivo certa resonancia na sociedade galega do seu tempo e que hoxe se atopa algo esquecido. Avogado, xornalista e escritor, persoeiro destacado do grupo rexionalista coruñés, foi un poeta valorado na súa época por máis que apenas publicou un feixiño de poemas en español e aínda non unha decena en galego, espallados por revistas e xornais, sen chegar a recopilarlos nun libro ou folleto.

Pese a tan exígua produción, dous dos poemas de Salvador foron moi populares entre os seus contemporáneos, e aínda moitos anos despois da súa morte, musicados por Xoán Montes e por Baldomir, para introducilos en teatros e salóns coa pretensión de promocionar a lingua galega entre as capas da pequena burguesía cidadá, acadando o seu autor sona e certa notoriedade en toda Galicia.

NOTAS BIOGRÁFICAS

Nacera Salvador en San Pedro de Oza, nas Mariñas betanceiras, cando mediaba o século XIX e morreu na Coruña en 1909, uns días antes de cumprir os 59 anos. A súa vida desenvolveuse a cabalo da Coruña, onde tiña domicilio e bufete aberto, e o seu pazo de Paio, na parroquia de Oza, logo dos anos de estudos universitarios en Compostela. En varias publicacións en vida del aparece como nativo de Betanzos, cidade onde a súa familia tiña unha casa, máis o certo é que foi bautizado en San Pedro de Oza, parroquia na que se asenta o pazo familiar de Paio, onde debeu nacer. A súa partida de bautismo foi publicada por Vales Villamarín¹. Nela dise que naceu o 26 de xullo de 1850², fillo lexítimo do matrimonio formado polo doutor don Manuel Golpe e Núñez e a súa muller dona Rita Varela e Sotomayor. Ademais del naceron alomenos outros dous fillos: Juan e Jesusa. O pai nacera na parroquia de Santa María de Castro, actual concello de Miño, e a nai na compostelá de Santa María a Real de Sar.

Mais as raiceiras da familia Golpe Varela atópanse en terras melidenses, indirectamente no caso do pai, e directamente no da nai. O pai herdaría a casa de Panadeiros, en Zas de Rei, concello de Melide, onde casara súa irmá Ana Golpe Núñez, e antes a súa tía Rosa, co

* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino*.

propietario Manuel Varela Sotomayor e Seixas, sen teren ningunha descendencia. Por tanto, don Manuel Golpe Núñez era cuñado e sobriño do señor da casa de Panadeiros. Por outra parte, don Manuel Golpe Núñez, da casa de Paio en Oza, casou como xa se dixo con Rita Varela Sotomayor, herdeira (entre outras propiedades) da casa de Lago na parroquia de Zas de Rei, en Melide, que á súa vez estaban emparentados cos Núñez da casa de Oza³. Como di Soqui Cea: «Queda así comprobado que as raíces maternas de Salvador Golpe están en Melide.» Esta mestra, directiva do Museo Terra de Melide e actualmente alcaldesa de Melide publicou en decembro de 2002 un «Estudio sobre a orixe melidense de Salvador Golpe Varela»⁴. A autora recolle unicamente tres poemas en galego («Unha cita», «Adios a Galicia», e «Dous amores»), quizais os máis célebres, e un en castelán («Piedad»), que quizá foi o derradeiro que escribiu. Aínda que o obxecto do traballo da autora melidense non sexa a poesía de Golpe, senón –como ben indica o seu título– a orixe, ou mellor, a ascendencia melidense do poeta de Oza.

Os Varela Sotomayor eran veciños da cidade de Betanzos xa dende mediados do século XVIII (cando o Catastro do Marqués de la Ensenada en 1753). En 1895, cando morre dona Rita, a nai dos Golpe, a crónica de *El Diario de Galicia* dá unha idea da importancia desta familia. O féretro foi conducido por colonos da finada e o funeral oficiárono trinta e seis cregos das aldeas da bisbarra. Acodiron tamén as forzas vivas de Betanzos (Agustín García, Sánchez Cordero, Agustín Leis, Marcelino Etcheverría...). Outro membro destacado da familia era Francisco Golpe, médico de Oza, que morre en 1897.

O segundo fillo do matrimonio e irmán de Salvador foi Juan Golpe Varela, personaxe que tería moito protagonismo como dirixente do movemento agrario de Solidaridad Gallega (1906-1910). Este, que ao parecer era solteiro, herdou as casas de Vilouriz e a de Panadeiros en Zas de Rei, terras melidenses, das que sería propietario absentista, pois a súa actividade, tanto de dirixente agrario como de avogado, centrouna en Betanzos e A Coruña. Nesta cidade foi concelleiro arredor do ano 1890.

O pazo de Paio, na parroquia de San Pedro de Oza, debrúzase no medio dun tupido bosque, e rodéase de diferentes construcións propias dun espazo pacego: hórreo, pombal, fonte e capela. Fronte a Paio érguese a aldea de Merille, do outro lado do río Mendo, pertencente á parroquia de Lesa e ao concello de Coirós. Este topónimo empregaríaño Salvador como seudónimo (Pedro de Merille) nalgunha ocasión, concretamente na recolleita dun refraneiro do que falaremos despois. Salvador herdaría tamén a casa de Lago, en Zas de Rei, unha das propiedades que a familia tiña en Melide, e a de Boído en Boimorto. Eran, pois, os irmáns Golpe propietarios abastados que deixarían as terras en mans de apoderados para dedicarse ás súas profesións liberais.

Salvador casou en primeiras nupcias coa compostelá María Carmen Túñez Prado, coa que tivo varios fillos (María, Manuel...). Viúvo do primeiro matrimonio, casou en segundas no ano 1899, na parroquia coruñesa de Santiago, coa tamén compostelá María Carmen Rodríguez Bermúdez coa que tivo dous fillos: Carmen e Jesús. Este último sería o herdeiro do pazo de Paio.

Fixo Salvador a carreira de Dereito na universidade de Compostela, tempo no que colaborou no xornal local *El Diario de Santiago*, de talante liberal, xunto con Alfredo Vicenti e outros, que mantén polémicas con *El Libredón*, dirixido por Alfredo Brañas, e participa nos xogos florais de Santiago de 1875.

Establece na Coruña o bufete de avogado arredor de 1878. Nesta cidade desempeñou os cargos de fiscal municipal (un bienio) e logo o de xuíz municipal en dous bienios ate o

1891, cargo no que recunaría en 1907. No 1891 foi electo concelleiro, intervindo como tal no movemento que se iniciou na Coruña con motivo da supresión da Capitanía Xeral que, por impulso dos rexionalistas, pasou de ser un problema local a ser sentido como un agravio a toda Galicia. Golpe formou parte da comisión que percorreu todo o país galego en resposta ao agravio, constituíndo «xuntas de defensa» para erguer o espírito galego contra os atropelos do poder centralista. Por mor desta campaña sería encadeado un breve período xunto con outros membros da Xunta de Defensa. El mesmo contou as peripecias desta campaña no libro *De La Coruña a la cárcel pasando por Galicia* (A Coruña, 1894).

Cando a Xunta de Defensa se desprazou a Ourense, Lamas Carvajal, que non simpatizaba co movemento, dedicoulle a Gope e demais persoeiros da xunta unha «Mostacilla»:

Participou activamente no movemento rexionalista, como membro da tertulia da «Cova Céltica», e na fundación dos seus órganos políticos, a Asociación Regionalista Gallega primeiro e posteriormente a Liga Gallega, da que foi presidente, ao tempo que colabora na Sociedad Folklore Gallego, da que foi secretario.

Esta entidade créase en 1883, baixo a presidencia de dona Emilia Pardo Bazán, co obxectivo de recoller as tradicións populares seguindo a estela do Folklore Andaluz fundado un par de anos antes por Antonio Machado Álvarez («Demófilo»).

Golpe foi un dos integrantes da tertulia coruñesa que se reunía na «Librería Regional» de Uxío Carré Aldao. Na rúa Rego de Auga, primeiro, e despois na

rúa Real, no número 16 da entón chamada rúa Luchana. Tertulia que foi alcumada como «Cova Céltica» por algún escritor alleo e inimigo das premisas políticas rexionalistas que defendía este grupo, e que estaba integrada ademais por Florencio Vaamonde Lores, Urbano González, Eduardo Pondal, Manuel Murguía, Manuel Lugrís Freire, Francisco Tettamancy, Eladio Rodríguez, Andrés Martínez Salazar, Galo Salinas e outros que pasaban por alí máis esporadicamente. En opinión de Fernández del Riego:

«As xuntanzas alí realizadas chegaron a ter un interesante significado. Os escritores galegos daquel tempo, atraguidos polas publicacións e as tertulias de Madrid, onde esplendía o modernismo, arelaban —engaiolados polos éxitos da Pardo Bazán e de Valle Inclán— facer unha literatura de Galicia en lingua castelá. E fronte desta actitude negadora dos valores espresivos da fala propia, a «Cova Céltica» trocouse en fogar case único no que se conservaba acesa a chama das esencias da lingua autóctona.»⁵

A Asociación Regionalista Gallega, na que conflúen liberais, federalistas e tradicionalistas, estivo activa entre 1890 e 1893. Constituíuse en Santiago, presidida por Manuel Murguía, formándose comités locais en Lugo, A Coruña, Pontevedra, Vigo e Tui. Tivo por órgano oficial *La Patria Gallega*. En 1890 Salvador funda na Coruña, xunto con Francisco de la Iglesia, o comité local da Asociación Regionalista, da que será vocal xunto co seu irmán Juan. Ao ano seguinte é eleito concelleiro do Concello da Coruña. Iniciativas suas foron a colocación de lápidas lembratorias nas casas dos persoeiros coruñeses María Pita, La Sagra e Cornide. Intervén afervoadamente, xunto con toda a corporación,

Una fiesta patriotera
tenemos en perspectiva,
y habrá gaitas y cohetes,
y hasta vivas...
Sus oraciones caldeadas
en fuego regionalista,
serán oídas con gusto
y aplaudidas.
¿Qué piden? ¿Qué en La Coruña
quede la Capitanía?
Por tan poco no reñimos:
Concedido

no movemento contra a supresión da Capitanía Xeral, con sé na Coruña, que pretendía executar o goberno español. Como resultado desta mobilización (que narrará no libro *De la Coruña a la Cárcel pasando por Galicia*) será preso durante un tempo.

As diferenzas e tensións entre os seguidores do sector liberal encabezado por Murguía e os tradicionalistas impedíu a súa consolidación e levaría ao seu esfarelamento.

O sector liberal organizábase na Liga Gallega, fundada na Coruña, presidida por Murguía (aveciñado agora nesta cidade) e dirixida por un comité integrado por Lugrís, Carré e Golpe que redactan os estatutos en 1898 en idioma galego. A entidade tivo escasa actividade e o seu logro máis significativo foi a campaña e erección dun monumento aos «Mártires de Carral» nesta vila coruñesa.

Salvador aparece como presidente da Liga Gallega nese ano 1898. Nos seus últimos anos de vida colaborará co movemento agrario de Solidaridad Gallega, do que o seu irmán Juan era un dos líderes, especialmente na bisbarra das Mariñas, aínda que a doenza que sofre por eses anos impedíralle participar activamente.⁶

Aínda que en Betanzos, cidade na que vivía a súa nai, non tivo Salvador moito protagonismo, si participou nalgúns eventos culturais. Así, en 1886 forma parte do xurado dos Xogos Florais celebrados nese ano. E en agosto de 1901 foi o mantenedor dos Xogos Florais dese ano, lendo un discurso que sería impreso pouco despois co título *Regionalismo y lenguaje*.

Na Coruña foi co-fundador de *El Clamor de Galicia*, de cariz conservador, continuando unha intensa actividade na prensa. Tamén colaborou na prensa galega de América; entre outros moitos fíxoo en *El Gallego*, o primeiro periódico galego de Sudamérica. Carteous con relevantes personalidades da época, correspondencia da que Vales Villamarín deu a coñecer no traballo citado unha carta de Alfredo Brañas e outra de Miguel de Unamuno.

Moitas loitas xornalísticas e políticas realizounas en parcería co seu irmán Juan, co que tamén compartía a profesión de avogado. Este acadou sona como dirixente agrario do movemento Solidaridad Gallega. Con el fundou na Coruña en 1894 o diario rexionalista *Unión Gallega*, do que foi director. Un xornal difícil ou imposible de atopar hoxe nas hemerotecas galegas.

Un ano antes da morte de Golpe, o decenario *A Nosa Terra* dedicáballe a súa portada do nº 53 (7 de setembro de 1908) cun retrato e un artigo anónimo da redacción que comezaba dicindo del: «Es uno de nuestros primeros intelectuales de la región gallega, á la cual consagró siempre todos sus talentos de escritor brillante y todos sus amores de patriota sincero.» Destacan a súa actividade xornalística: «Su pluma, en aquellas épocas en que la Prensa aun no constituía como hoy determinados *fulanismos*, trazó innumerables artículos político-literarios que los periódicos acogían en sus columnas con verdadero entusiasmo...». Con respecto ás súas obras publicadas considera que «tienen un marchamo de sano doctrinarismo» e que *Patria y Región* «podría servir de texto en nuestras escuelas de primera enseñanza; ¡qué mucho ganarían los niños en sistema educativo!...» Tocante á poesía, «Salvador Golpe es un poeta popularísimo: no hay periódico ó revista regional, sin excluir las publicaciones gallegas de América, que no recojan é inserten, con asaz complacencia, sus versos llenos de ternura, de ritmo cuidadoso, y de una inspiración elevada y espontánea.» Destacaba, por último, o boletín rexionalista coruñés a súa gran cultura. Este artigo sería reproducido uns días despois polo semanario betanceiro *La Defensa* (nº 111, 13-IX-1908), voceiro do movemento Solidaridad Gallega no que Juan, irmán de Salvador, era un dos principais animadores.

Salvador morreu na Coruña o 23 de xuño de 1909, na praza de Azcárraga onde moraba e tiña o seu bufete, sendo soterrado no panteón familiar de Oza. Aínda non cumprira os cincuenta e nove anos. O seu enterro constituiu unha grande manifestación de dó. O cortexo que despideu os seus restos ate a praza de Ourense era numeroso e representativo da sociedade coruñesa. Presidiuno o capitán xeral da rexión militar, figurando nel o presidente interino da Audiencia Territorial, o gobernador civil, o alcalde da cidade, o presidente da Academia Galega e outras autoridades e representacións. Nunha nota necrolóxica que lle dedicou o xornal coruñés *El Noroeste* ao día seguinte, destacan o Golpe literato e xornalista por riba do seu cargo oficial:

*«El señor Golpe desempeñaba el cargo de juez municipal de esta ciudad; pero por encima de su personalidad jurídica estaba su personalidad literaria, su personalidad periodística y su personalidad de poeta tierno y delicado.»*⁷



Salvador Golpe arredor dos trinta anos.

ICONOGRAFIA DE GOLPE

De Salvador Golpe coñecemos só cinco retratos. O máis antigo é unha fotografía de cando Salvador tiña arredor dos trinta anos. Foinos facilitada hai moitos anos por dona María Baltar, nora de Salvador, viúva do seu fillo Xesús e publicámola xa en dúas ocasións en artigos que dedicamos a Golpe (véxase bibliografía) e de onde a recolleu S. Cea para o seu traballo citado. O seguinte é un gravado sobre un retrato realizado por Román Navarro. Publicouse como portada de *La Pequeña Patria*, a revista que editaban en Santiago Labarta Pose e Xosé Tarrío, en decembro de 1890. Tiña, por tanto, Salvador corenta anos. Ao pé do retrato (que, curiosamente, aparece reproducido en espello, como denuncia a sinatura do artista) figura a sinatura de Golpe, homenaxeado por Labarta nun longo poema biográfico-louvatorio en clave «labartiana» e que reproducimos como apéndice.

Os outros retratos son xa dos últimos anos da súa vida e foron publicados acompañando unha nota louvatoria na portada de *A Nosa Terra* (nº 53, 7 de setembro de 1908) un, e outro a necrolóxica que lle adicou Andrés Martínez Salazar no *Boletín* da Academia Galega (nº 27, 30 de xuño de 1909), ocupando o retrato a portada do mesmo. Outra publicación que lle dedicou un retrato a toda páxina foi o *Almanaque Gallego* para 1907 publicado en Bos Aires por Castro López, e coa lenda «Escritor ilustre» ao pé do seu nome. Mais este retrato é o mesmo que vai campar dous anos despois na capa do *Boletín* da Academia. Coetáneo deses é outro retrato similar que se publicou no artigo que lle dedicou a Salvador na Gran Enciclopedia Gallega (tomo 16, páx. 62) A. Vilanova Rodríguez. Existe tamén un retrato ao óleo, realizado a través dunha fotografía moitos anos despois da morte de Golpe, da autoría de Quintas Goyanes.



Vista do pazo de Paio (tomada de Martínez Barbeito, 1978).

Non debía ser moi amigo Golpe dos propios retratos e menos de distribuílos, a vulgar por esta quintilla que apareceu en *El Eco de Galicia* da Habana (nº 156, 2ª época, 21-VI-1885):

Con mi retrato

Ver mi imágen al espejo
Ó en un cartón, me dá enojos;
Sólo mi disgusto deixo
Si contemplo mi reflejo
En las niñas de tus ojos.

ACADÉMICO E PRIMEIRO SECRETARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

Salvador foi un dos 40 académicos numerarios fundadores da Academia Galega, acto fundacional que tivo lugar o 4 de setembro de 1905. Foron estes, por orde alfabética dos apelidos: Manuel Amor Meilán, Ramón Armada Teixeira, Manuel Banet Fontenla, Xoán Barcia Caballero, Ramón Bernárdez González, Salvador Cabeza de León, Uxío Carré Aldao, Pablo Constanti Ballesteros, Bieito Fernández Alonso, Salvador Golpe Varela, Marcial Miguel de la Iglesia Vázquez, Manuel Lago González, Valentín Lamas Carvajal, Antonio López Ferreiro, Manuel Lugrís Freire, Marcelo Macías García, Federico Maciñeira e Pardo de Lama, Andrés Martínez Salazar, Manuel Murguía, Eladio Oviedo e Arce, Xosé Pérez Ballesteros, Rafael Pérez Barreiro, Eduardo Pondal Abente, Wenceslao Requejo Pérez, Eladio Rodríguez González, Xesús Rodríguez López, Francisco Romero Blanco, Xosé Salgado Rodríguez, Casto Sampedro e Folgar, Leandro de Saralegui e Medina, Emilio Tapia Rivas, Francisco Tettamancy e Gastón, Ramón Tojo Pérez, Florencio Vaamonde Lores, Indalecio Varela Lenzano, Arturo Vázquez Núñez, Xosé Vega Blanco e Ramón L. De Viciuña.

Non aceptaron o cargo por diversas razóns Ángel Amor Ruibal (nomeado logo académico honorario), Celso García de la Riega, Manuel Leiras Pulpeiro (por enfermidade) e Víctor Said Armesto (ausente de Galicia). Alomenos unha ducia dos académicos fundacionais formaban parte da tertulia da «Cova Céltica»

Golpe ocupa o número 10 na orde de académicos electos, figurando Betanzos como lugar da súa «Naturaleza». Foi elixido secretario o 1 de decembro de 1906, substituíndo a

Uxío Carré Aldao, o primeiro secretario, que cesou no cargo por enfermidade o 20 de novembro de 1906, para volver a ser reelixido logo da morte de Golpe durante un período de dez anos. Salvador desempeñou o cargo de secretario da corporación que presidía don Manuel Murguía, asinando xunto con este os documentos e actas oficiais, ate a súa morte, durante case catro anos. E inclusive substituíría ao vello patriarca e presidente nalgunha ocasión, tal como lemos no Boletín académico de xullo de 1906:

«Durante la ausencia en Curtis del Sr. Académico Presidente don Manuel Murguía, le sustituye en sus funciones con arreglo al artículo 27 de los Estatutos, el Académico de Número D. Salvador Golpe.»⁸

Á morte de Salvador, a Academia dedicoulle a portada do número 27 do seu *Boletín* (30-VI-1909) cun seu retrato e no interior unha nota necrolóxica asinada por Andrés Martínez Salazar:

SALVADOR GOLPE

Murió para este mundo. Nos abandonó, ahora, cuando eran tan necesarias su buena voluntad, sus preclaras luces. Y no sin luchar á brazo partido con la fatalidad—que triunfó al fin—é interesarse en todo momento, hasta el suyo último, por lo que es objeto de nuestra labor y nuestros cariños.

Nació en Galicia y para ella vivió. Amaba á su tierra con sincero entusiasmo; creía y esperaba con verdadera fe en destinos venturosos para su Patria. Era su firme paladín, su defensor ardiente. Desde sus años de juventud comulgó en la idea regionalista; trató de encauzar á la vida política el provincialismo literario que hacía unos lustros venía dando cultivo á las lenguas de las regiones españolas. Y lo hizo cuando la palabra Regionalismo no había tenido aún en esta tierra nadie que la explicase y defendiese su espíritu. Murguía y Brañas fueron luego los verbos de esta doctrina: el nombre de Salvador Golpe debe asociarse á ellos, porque nadie fue propagandista más constante y animoso que él. Obra suya fueron la Asociación Regionalista, y la Liga Gallega, de la Coruña. Todas sus obras están inspiradas en la misma idea: De la Coruña á la Cárcel pasando por Galicia—escrita con motivo de la formación de aquella célebre Junta de Defensa de la Coruña—, Patria y Región; Regionalismo y Lenguaje; sus tres libros, llevan en el título noción de la alta estima en que tenía á su patria regional.

Buen poeta, de la escuela romántica, cantó á Galicia, á sus héroes y sus hechos memorables en cultos y sentidos versos. En lengua gallega escribió pocas poesías, y de éstas, las más conocidas y apreciadas son las compuestas para poner en música, cumpliendo el propósito que formaron él y su entusiasta amigo—ya muerto también—D. Francisco de la Iglesia, de llevar el idioma gallego á los salones ciudadanos, haciéndolo cantar; por interés de vulgarizarlo así entre las gentes ilustradas, que tal inconsiderado desvío mostraban



Portada de La Pequeña Patria, dedicada a Golpe (Santiago, 20-XII-1890).

hacia él. De esas composiciones, es seguramente la que con toda sinceridad revela el alma de su autor la titulada *Meus amores*, que, puesta en música por Baldomir, ha tenido la suerte de traspasar las fronteras nacionales.

Periodista distinguido desde aquellos tempos de organización en que el periodismo no era un oficio para ganarse el sustento, sinó unha profesión de traballo, de idealismo y de sacrificios, hizo sus primeras armas en el *Diario de Santiago*, con Alfredo Vicenti, Alvaro López Mora, Rafael Villar y otros, dirigidos por D. Manuel Bibiano Fernández. Se estableció, después, en la Coruña, entrando en la redacción de *El Comercio Gallego*, y luego en la de *El Clamor de Galicia*; y fundó más tarde con su hermano D. Juan, en 1894, la *Unión Gallega*, primer periódico diario que se consagró en Galicia á la propagación y defensa del Regionalismo.

Doctor en ambos Derechos, exerció hasta su muerte la Abogacía en la Coruña, habiéndose sido agraciado en el año último de su vida con el cargo de Juez Municipal de esta Capital, que ya en otras varias ocasiones había desempeñado.

Fue socio fundador y Secretario del Folklore gallego, establecido por Emilia Pardo Bazan, en 1880, con el objeto de dar á conocer la historia, el arte, los sentimientos y la ciencia popular de Galicia.

Publicó numerosos artículos literarios é históricos y el interesante folleto *Lámbrica*, el último de su vida. En esta revista salieron á luz repetidas veces escritos suyos en que demostró sus conocimientos —que eran vastos é intensos— en lingüística y literatura, especiales y generales.

La Real Academia Gallega, tan maltratada por la muerte desde que se fundó, pierde en él uno de sus miembros más distinguidos. Galicia, con sus compañeros, habrá de llorarle y recordarle siempre, desde hoy en que su cuerpo, que tanto sufrió, reposa en la aldea donde despertó á la vida hace 59 años —en aquella hermosa aldea, gloria de la histórica tierra de Pruzos, embeleso de los ojos y contento del espíritu, que se siente tranquilo entre sus castaños fortísimos y sus sombrías robledas y sus cerrados pinares, que aun dejan espacio abundante á los campos ubérrimos y alegres que fertiliza el Mendo delicioso...

Descanse en paz el queridísimo amigo, que ya encontró en el sepulcro alivio á una vida de sufrimiento!

OBRAS IMPRESAS EN LIBRO OU FOLLETO

De la Coruña a la cárcel, pasando por Galicia publicouse na coruñesa tipografía da papelería Ferrer (rúa Real, 61) en 1894. Leva un prólogo de José Rodríguez Carracido e a adicatoria «A la Juventud Gallega». Neste libro voluminoso (528 páxinas) narra as peripecias da Xunta de Defensa da Capitanía Xeral da Coruña que o goberno español quería trasladar



Convocatoria da Real Academia Galega na que Golpe, como secretario, se convoca a si mesmo, compartindo sinatura con D. Manuel Murguía

a Valladolid, cousa que os rexionalistas (aproveitando o lóxico malestar dos coruñeses) consideraban unha afronta a Galicia desenvolvendo unha campaña por todo o país ao longo de 26 días.

Patria y Región, obra premiada no certame literario de Lugo de 1896, publicouna na Coruña ao ano seguinte, «ampliada con ligeros apuntes acerca del Regionalismo», na Tipografía de «El Noroeste». (Plaza M^a Pita, 18). É un ensaio de 223 páxinas máis VIII de apéndice. Salvador fai nel esta adicatoria: «A los gallegos ausentes de su patria, dedico este libro, por si en sus páginas encuentran algo que endulce las amarguras de la ausencia.»

No prólogo explica as circunstancias en que redactou esta obra:

«Cansado de los tráfeos de la vida, lleno de disgustos, y afligido por las contrariedades que la suerte me preparaba a diario, hube de encerrarme en casa, en el verano de 1896, para vivir a solas con mis pesares. Necesitaba allí algo que entretuviese mi imaginación asaz excitada. [...] y en el folletín de El Noroeste, cuyas planas me ofreció espontaneamente mi ilustre amigo el señor Abad de esta Colegiata D. Ramón Bernárdez, intento dar a conocer mi modesto trabajo, ampliado con algunos capítulos acerca del regionalismo...»


Consta de dezaoitto capítulos: I Introducción. II La Patria. III La Humanidad no es la Patria. IV El Estado no es la Patria. V La Nación no es la Patria. VI Noción del patriotismo. VII ¿Qué es la Patria? VIII Cuales son los límites de la Patria. IX La Región. X ¿Qué es la Región? XI Apuntes acerca del regionalismo. XII Consideraciones generales. XIII La centralización y sus efectos. XIV La centralización es incompatible con la libertad. XV Definición del regionalismo. XVI El regionalismo no es carlista, ni federal, ni menos separatista. XVII Justas aspiraciones regionalistas. XVIII Conclusión.

Algúns destes capítulos foron publicados posteriormente por separado. Así, *A Nosa Terra* publicou traducido ao galego «O Estado non é a Patria».

Regionalismo y lenguaje. Discurso lido nos Xogos Florais de Betanzos o 29 de setembro de 1901. Imprimiuse na Escola tipográfica da Casa de Misericordia na Coruña en 1902. É un folleto de 32 páxinas. Leva unha dedicatoria á raíña dos Xogos a señorita Águeda García Iribarne (filla do indiano e logo grande benefactor betanceiro don Juan García Naveira) e á súa corte de amor, «y á todas ellas como distinguida representación de mi nunca olvidada y siempre amadísima ciudad de Betanzos».

Na presentación «Al lector», Golpe xustifica a edición deste discurso:

«La tribuna de un certamen literario tiene, generalmente, muy poca resonancia, si la imprenta no recoge las ideas allí emitidas entregándolas al comercio intelectual. Lo que se



Portada interior de *Patria y Región*, 1897.

confía solo á la memoria de un público, por numeroso y escogido que sea, pronto se olvida y desaparece, y á la inteligencia le gusta que sus obras perduren.»

Refraneiro agrícola-meteorolóxico.

Publicouse por entregas no semanario betanceiro *La Defensa*, Órgano de las Sociedades de Agricultores, dende o 17 de agosto (nº 3) ao 7 de outubro de 1906 (nº 10). En 1994 a Asociación Cultural Eira Vella, de Betanzos, fixo unha edición facsímile deste folleto.

O refraneiro de Golpe é unha pequena colleita de apenas douscentos cincoenta e seis refráns, clasificados por orde alfabética, máis uns corenta que engade como apéndice ao remate e que lle foran enviados por colaboradores anónimos, por iso di na portada «Recollido na sua maoría por Pedro de Merille». Esteseudónimo utilizado polo escritor nesta única ocasión, que nós saibamos, fai alusión ao lugar dese nome na parroquia de Lesa, que Golpe podía ollar dende o seu pazo de Paio, río Mendo por medio. Os refráns van seguidos duns «Prenósticos do tempo», que son ditos populares relacionados coa meteoroloxía. Se ben non é unha recopilación moi extensa, ten o mérito de ser unha das primeiras publicadas como tal e non de apéndice a outras obras.



Portada do Refraneiro Agrícola-Meteorolóxico, publicado co pseudónimo «Pedro de Merille».

Lámbrica (fragmento). Impresiones de un viaje por Las Mariñas. Imprimiuse na coruñesa Imprenta Ferrer en 1907. É un folleto de 29 páxinas, adicado ao Marqués de Figueroa.

No semanario *La Defensa* (nº 51, 21 de xullo de 1907) apareceu unha reseña crítica anónima sobre esta obríña:

«...Se trata de un folleto de 29 páginas en donde el sr. Golpe, utilizando datos de una irrefutable claridad, demuestra hasta la evidencia la situación de la antigua ciudad de Lámbrica, sobre la que tan disconformes andan los historiadores.

Opiniones de 11 de éstos cita el sr. Golpe para demostrar esta disconformidad e incertidumbre, y vemos que, de guiarnos por ellos, Lámbrica habría ocupado once lugares en el mapa.

Toda esta confusión es rebatida perfectamente y desvanecida por el sr. Golpe, que prueba que Lámbrica «floreció a orillas del rumoroso Lambre (río de Betanzos), en un lugar de este mismo nombre y en un risueño y fértil valle denominado Ambroa».

Todo el folleto, que es un compendio de datos y un alarde de indagación etimológica y científica, está escrito con ese sencillo estilo que sabe usar el sr. Golpe, desprovisto de la petulancia hieratica y empalagosa con que suelen vestir sus obras los que se dedican a estas convenientes indagaciones.

Con los datos y notas que existen en las 29 páginas pudiera y bien el autor llenar bastantes más, por poco que hinchase el estilo y retorciase los argumentos, y dar a la obra un carácter de pomposidad mayor. Pero el sr. Golpe ha preferido, y esto merece nuestras

BALADA GALLEGA

—DE—
D. XAN MONTES.

Premiada n.º Certame musical d'a Coruña
ANO DE 1890.

VOZ. 

Andantino.

PIANO. 

molto legato e melodioso
dolce As li-av-ras an-dur ri-nas pra Ga-li-cia vin-do
van ve-nen le-dar tra los
una corda
ni-nos d'os a-mo-res d'ou-tro van
una corda



Dei-san lon-se n'ou-tras pra-yas os re-cor-dos d'un a-
mor me-yor ya-qui a to-pan a mor no-ro do-ces
brisa tra-ro sol
dolce
la la la la la la la la la la la la la la la la
la la la la la la la la la la la la la la la la
molto
la la la la la la la la la la la la la la la la
ppp

Partitura da «Balada Gallega», composta por Xan Montes coa letra do poema «Adios a Galicia» de Salvador Golpe, premiada no Certame Musical da Coruña de 1890 e publicada no número especial que A Monteira (Lugo, 13-IX-1890, nº 50) dedicou «ó eminente maíestro Xan Montes Capón».

alabanzas, presentar el asunto adornado tan solo con su propia importancia: más mérito alcanza la obra a nuestros ojos cuanto que se advierte claramente que no es un alarde del autor, que muchos pudiera hacer y con mayores motivos que otros, sino un deseo estimabilísimo y patriótico de hacer un bien a la historia de su región, que ha tenido siempre todos sus cariños...»

Posibelmente Salvador tivo outros proxectos para levar á impreña. Así, en 1892, o semanario betanceiro *Las Mariñas* anunciaba que tiña en preparación «una notable colección de biografías de mujeres célebres gallegas desde los tiempos antiguos...»⁹ Daquela Golpe aínda non publicara ningún libro ou folleto.

Coñecemos algún texto máis en prosa de Golpe editados en diversas publicacións. Así en *Extracto de Literatura* (nº 3) publicou o artigo «Los caciques de antaño y ogaño». No *Boletín de la Real Academia Gallega* (tomo I, 1906) un artigo de tema lingüístico: «Cuestión gramatical sobre el uso de ao».

E no *Almanaque Gallego*, publicación anual que se editou en Buenos Aires durante moitos anos, o texto que ten máis importancia para nós por tratarse da única mostra narrativa en galego: «Contos d'aldea. Nas portas do ceo», un conto popular dedicado a Manuel Castro López, propietario e director da publicación, que veu a luz no volume do ano 1907.

GOLPE POETA

Pese a non ter recollidos os seus poemas en volume e a ter unha produción escasa, Golpe acadou no seu tempo sonda de poeta. Moitas revistas da época quixeron telo por

colaborador e así aparece en moitas delas, aínda que as colaboracións foran mínimas. Os seus primeiros poemas están escritos en español, lingua que despois alternaría coa galega, na que escribiría os poemas máis coñecidos del, especialmente «Meus amores» e «Adios a Galicia», que tiveron extraordinaria proxección ao seren musicados por Baldomir e Montes.

Temos localizados un total de vinte e sete poemas en español publicados en diferentes revistas galegas, da Terra e da emigración, que abranguen dende 1875 a 1908. Algúns deses poemas publicáronse en varias revistas e en diferentes anos.

Os máis antigos son os publicados na súa época de estudante en Santiago. En *El Diario de Santiago* apareceron en 1875 «¡Viva el Rey!» (cunha aclaración do xornal dicindo que non era un periódico político e que insertaba o soneto en atención a «su indisputable belleza literaria»), «A ...», «Sueños y lágrimas» e «Mi flor». En 1879, publica en *El Gallego* de Bos Aires «A Galicia. En la inauguración del Dique de la Campana», «A Fortuny», «Memorias» e «Soneto». En 1880, en *La Ilustración Gallega y Asturiana* «A la Torre de Hércules», que se repetiría logo en varias publicacións de Galicia e da emigración. En 1885, en *El Ciclón*, de Santiago «A Rosalía Castro» e «El periodista» (lido nunha homenaxe a Vincenti, que fora seu compañeiro en *El Diario de Santiago*, poemas que se repetirán noutras publicacións. En 1885, en *El Eco de Galicia*, da Habana, «Con mi retrato». En 1888 en *Galicia Humorística* aparecen sete poemas en diferentes números: «Letrilla», «Cuento», «Dios sobre todo», «Nieves del alma», «Madrigales», «Ni en el cielo» e «Epigramas». En 1890, en *La Pequeña Patria*, de Santiago saen unha «Rima» e «Piensa mal y acertarás», ademais doutros que xa foran publicados anteriormente. En 1893, en *Extracto de Literatura*, de Pontevedra ven a luz máis «Epigramas» e o poema «Justicia al uso». En 1898 en *El Eco de Galicia*, de Bos Aires edita máis «Epigramas» e «Desde la brecha», que sairá tamén en *Revista Gallega*. En 1905, en *Centenario del Quijote en Galicia* publícase o seu poema «A Cervantes». Por último, en 1908, en *Aires da miña terra*, de Bos Aires a «Letrilla» que comeza Que sude el pobre... Póstumo é o poema «Piedad»

Seguramente haberá máis poemas en español de Golpe espallados por publicacións diversas mais estes son os que temos recollidos polo momento.

Foi Uxío Carré Aldao, compañeiro de Academia e doutras angueiras, o primeiro en incorporar a Salvador como poeta galego na súa antoloxía *Literatura Gallega*¹⁰, recollendo os seus poemas «Meus amores», «Unha cita» e «Adios a Galicia». Tamén recolleu «Meus amores» o ourensán Eugenio López Aydillo no seu libro *Los mejores poemas gallegos*, publicado en Madrid en 1914.

Segundo o estudoso coruñés, un dos primeiros da nosa literatura, «a musa de Salvador, tenra e soñadora, presentase en ocasións, robusta e de acción segundo os sentimentos que a evocan, especialmente cando fustiga as inxustizas sociais.»

Quéixase Carré, quen escribe pouco despois da morte de Golpe, da súa escasa obra en galego:

«Poco, por desdicha de las letras gallegas, ha dejado escrito en nuestra armoniosa lengua él, que tanto y tan hermoso podía habernos legado en herencia. Arrebatóle la muerte á su país y al cariño de los suyos, cuando más podía esperarse de él y sin dejarnos, como pensaba, coleccionadas en un volumen sus sentidas poesías gallegas, diseminadas aquí y allá en las efímeras páginas de varias revistas.»



A NOSA TERRA

AÑO II NUM 53

Coruña 7 de Septiembre de 1908

El Regionalismo es un régimen de libertad, y tiene por objeto instaurar el principio natural de la variedad en la unidad, reconociendo la personalidad de las regiones dentro del Estado, y proclamando el derecho que tienen de regir por sí mismas sus particulares intereses.

Los regionalistas gallegos reconocen y declaran como absolutamente necesaria para la felicidad de la Patria, la más estrecha y fraternal unión de todas las regiones que constituyen el Estado español; pero también anhelan vivamente en todos los órdenes de la vida de los pueblos, el particular bienestar de Galicia med ante una amplísima libertad regional y municipal.

SALVADOR GOLPE VARELA

Es uno de nuestros primeros intelectuales de la región gallega, á la cual consagró siempre todos sus talentos de escritor brillante y todos sus amores de patriota sincero.

Su pluma, en aquellas épocas en que la Prensa aun no constituía como hoy determinados *fulanismos*, trazó innumerables artículos político-literarios que los periódicos acogían en sus columnas con verdadero entusiasmo; porque Salvador Golpe, como Faginas Arcuaz, periodistas actualmente en situación de reserva pasiva, defendían con el calor de una vocación decidida de secretarios, las conquistas del Poder encarnadas en un partido vigoroso, sin otras miras que la lucha por la democracia y la libertad bien entendidas.

Las obras de Golpe tienen un marchamo de sano doctrinarismo: *De la Coruña á la Cárcel pasando por Galicia*, nos evoca los recuerdos cívicos de aquella Junta de Defensa, la primera institución popular creada en la Coruña en estos últimos tiempos, que sirvió de troquel á las regiones españolas para reclamar y protestar contra las incongruencias del poder centralizador; y *Patria y Región* admirable trabajo que obtuvo el primer premio en los Juegos Florales de Lugo el año de 1891, nos impone de cual es el verdadero concepto de la patria; y cuales son las condiciones peculiares de la región, tanto bajo el aspecto étnico como el político. Esta última producción de Golpe podría servir de texto en nuestras escuelas de primera enseñanza; ¡qué mucho ganarían los niños en sistema educativo!...

Salvador Golpe es un poeta popularísimo: no hay periódico ó revista regional, sin excluir las publicaciones gallegas de América, que no recojan ó inserten, con álzaz complacencia, sus versos llenos de ternura, de ritmo cuidadoso, y de una inspiración elevada y espontánea. El genio de Juan Montes puso en música la bella balada *As lizeiras anduriñas*, y otro músico de justa reputación como Baldomir, recogió *Meus amores* para

inspirarse en otra balada hermosa que tiene el aliciente de cantarse en los alcázares roños, y que los primeros artistas del mundo gustaban cantarla también con verdadero deleite, produciendo honda emoción artística.



La última obra de nuestro amigo, titulada *Lámbrica*, pertenece al género proto-histórico: en ella pretende restablecer el punto exacto en donde estuvo situada la ciudad céltica, señalándolo con gran acopio de erudición; destruyendo así los diversos criterios de otros historiadores que quieren colocarla en diferentes puntos de la región galaica, especialmente cierto escritor que aun hace pocos días en un semanario de la provincia de Pontevedra, hablando de memoria, cual es costumbre en él, «plaza á Lámbrica en donde desaguan dos ríos, uno por el Nordeste, el Lerez, y otro por el Norte el Beim, ahora Alba...» fundándose en el texto de Homponio Mela; cuando Golpe, con mejor sínderesis, interpretando de distinta manera dicho texto (*De situ Orbis*), y con los argumentos de historia-

dores que subaiguieron á Mela, como Cayo Plinio y Ptolomeo, aparte de otros más, sin omitir razones geográficas, toponímicas y epigráficas, nos observa que *Lámbrica* «pudo tener su asiento únicamente en Betanzos ó en Ferrol y también en *Ambroa* á orillas del Lambro», atendiendo á que estas comarcas se hallaban enclavadas en el promontorio Ártabro, territorio antiguo del convento jurídico lucense, de conformidad con el criterio del último de aquellos historiadores, esto es Ptolomeo, que rectificó los errores de Mela.

La gran cultura de Salvador Golpe llevóle á formar parte como vocal jurado en diversos certámenes literarios, siendo mantenedor en los celebrados en Betanzos, su ciudad natal, el año de 1911, leyendo un admirable discurso, que se imprimió en el mismo año.

A NOSA TERRA, se enorgullece publicando hoy el retrato de nuestro querido amigo y asiduo colaborador.


Non sabemos se Golpe pensaba realmente, como afirma Carré, recoller nun volume os poemas galegos que ía publicando e mesmo cos posíbeis que tivese gardado na gaveta. O certo é que os poemas en galego que coñecemos del apenas darían para un curto folleto.

Media ducia publicáronse en *A Nosa Terra* entre 1907 e 1908, e un sétimo en *El Eco de Mugía* en 1903. É dicir, nos últimos anos da súa vida. Son os seus títulos: «Meus amores», «Unha cita», «Adios a Galicia», «Trunfan ouros», «A Galicia. No aniversario da morte de Rosalía» e «N-un abanico», que viron a luz alomenos no semanario rexionalista *A Nosa Terra* que se publicaba na Coruña. «Un rogo», dirixido á Virxe da Barca, é, como non podía ser menos, o publicado no devandito órgano muxián. Outro poema, o oitavo, dedicado a Curros Enríquez sería lido por Golpe no acto de coroación do poeta de Celanova que tivo lugar na Coruña en outubro de 1904, dous días antes de partir este para Cuba, onde falecería. E o noveno que coñecemos publicárase en Madrid en 1906.

«Meus amores» estreará o semanario rexionalista *A Nosa Terra* o 4 de agosto de 1907 acompañado dunha laudatoria e garimosa presentación do poeta que se atopaba enfermo.

No mesmo mes de agosto publicaría o semanario o poema «Unha cita», o día 25 no número 4. «Adios a Galicia» aparecería ao ano seguinte (nº 33, 7 de abril), ao igual que «Trunfan ouros» (nº 38, 13 de maio); «A Galicia» (nº 47, 22 de xullo) e «N-un abanico» (nº 53, 7 de setembro).

Mais, o certo é que esa media ducia de poemas en galego non foron escritos para *A Nosa Terra* senón que esta recolleu, supoñemos que coa anuencia dun Golpe enfermo, poemas que xa tiñan ollado a luz noutras publicacións ou ben da propia man de Golpe e xa publicados anos atrás. Así, «Meus amores» xa fora publicado no



Portada do Boletín da Academia dedicado a Golpe á súa morte (arriba) e retrato dos últimos anos do poeta.



*Esquela de Salvador publicada no diario coruñés
El Noroeste o 24 de xuño de 1909.*

número 2 da *Revista Gallega* en 1895. Tamén o soneto «A Galicia» fora publicado na mesma *Revista Gallega*, nun número adicado a Rosalía en 1899. Precisamente no semanario coruñés apareceu co subtítulo «No aniversario da morte de Rosalía». No primeiro caso tratárase do 14º aniversario e no segundo do 23º cabodano. En *A nosa Terra* aparece unha errata no segundo verso: célica no lugar de céltica. A Rosalía Castro tíñalle adicado Golpe outro poema, este en castelán, uns anos antes en *La Pequeña Patria*.

«Adios a Galicia» vímoloo publicado no semanario rexionalista lucense *A Monteira* do 31 de maio de 1890, moitos anos antes de aparecer en *A nosa Terra*. E ao día seguinte publicouse no diario betanceiro *El Mendo*, no número do 1 de xuño de 1890, O 13 de setembro dese ano volveuse publicar en *A Monteira* nun número especial adicado ao músico Xoán Montes co título «Letra da Balada Gallega. Adios a Galicia».

En 1904, na velada literaria que A Coruña dedicou a Curros Enríquez, un dos poemas que se leron esa noite no Teatro Principal foi o de Salvador Golpe «A Curros Enríquez no día da súa coronación», lido no acto polo propio autor. O poema de Golpe e os dos outros vinte e catro poetas que lle ofrendaron en verso a súa admiración a Curros, foron impresos e repartidos en follas entre os concorrentes ao acto, como era costume. Unha colección entregouse ao homenaxeado e outra a Murguía, que presidira a velada. Anos andados serían publicados por Juan Naya, quen herdara a colección do patriarca Murguía a través de dona Gala Murguía, e consideraba que, para o caso, poideran considerarse inéditas.¹¹

En 1906 publícase o seu poema «A terra miña» na revista *Galicia* que se editaba en Madrid. Poema que sería o noveno dos escritos en galego por Salvador, segundo este reconto.

E aínda existe outro texto poético de Golpe, poema de circunstancias pois trátase dunha receita, que deu a coñecer o célebre Picadillo en *La cocina práctica*:

Cóllese un molete,
Fanse unhas tostadas
E con gran coidado
Dóuranse n'as brasas.

Cóllense chourizos,
Córtanse en rodaxas
Que medio centímetro
Teñan de delgadas.

Traise unha tarteira
E con moita calma
Vanse n'ela pondo
O pan e as talladas.

Primeiro, das tostas
Déitase unha capa,
E enriba d'ela outra
D'aquelas rodaxas.

E vanse alternando
Chourizo e tostadas
Hastra que a tarteira
Se vexa mediada.

Vértese alí un caldo
De moita sustancia,
Que teña, a lo menos,
Dous dedos de grasa.

E logo a tarteira
Pónselle a sua tapa,
E, ferbo non ferbo,
Tense xunto ás brasas.

¡Xa chegou a hora
De xantar? ¡Pois, hala...!
Enriba de todo
Uns ovos se escalfan.

E así, na tarteira,
No medio da táboa
Se pon esa sopa
Sin máis circunstancias.

Así ma serviron
A min, na montaña,
Fará corenta anos...
¡Qué tempos, caraina!

Un asterisco na verba montaña remitía á seguinte localización: «En San Pedro de Burrifáns pretiño de Cabruy xunta os montes chamados da Tieira». Esta receita de sopa montañesa, sopa de crego, sopa de abades ou sopa de San Brais recolleuna Xaquín Lourenzo no apartado de Etnografía do volume 2 da *Historia de Galicia* que se publicou en Bos Aires en 1962 (e da que hai unha edición en Akal, Madrid, 1979)

Por último, citaremos un pequeno texto poético que Salvador escribiu como «contradicatoria» no libro *Brétemas* (A Coruña, 1896) do seu amigo, contertulio e correlixionario Uxío Carré Aldao, un dos moitos libros dos persoeiros da Cova Céltica que se conservaban na biblioteca dos Golpe no pazo de Paio, onde nós o consultamos hai anos, e que quizá hoxe se atopen na Real Academia Galega. Di así:

Fuches deste libro autor;
Logo editor e impresor...
¡Debeslle ter bon cariño!
Pois eres do novo amor,
Padre, compadre e padriño.

S. Golpe a Eugenio Carré

OS POEMAS GALEGOS

Xa moito antes de que se deran a coñecer, *La Voz de Galicia*, do 7 de maio de 1890 dicía:

«*Nuestro amigo, el distinguido juriconsulto don Salvador Golpe, escribió una bellísima balada en nuestro dialecto, que ha de servir de tema a los maestros compositores que tomen parte en el certamen musical organizado por el Orfeón Coruñés número cuatro.*»

Debía referirse a «Meus amores» ou a «Adios a Galicia», os dous poemas que foron musicados. *A Nosa Terra* foi o órgano que publicou a maioría dos poemas galegos de Golpe. No seu nº 1, do 4 de agosto de 1907, cando publica «Meus amores», antecedeo deste texto:

«*Ausente nuestro querido amigo Salvador Golpe, en San Pedro de Oza, para reponerse de pasada dolencia, nosotros que conocemos bien los sentimientos que caracterizan á nuestro compañero, sabemos el placer que experimentará con la aparición de A NOSA TERRA, placer amargado con la imposibilidad de colaborar; como quisiera, en el primer número. De todos modos, no queriendo nosotros que el nombre de Salvador Golpe deje de figurar en este número, nos honramos reproduciendo la hermosa y sentida composición Meus amores. Puesta en música y hecha popular; como sabemos, no todos la cantan como fue escrita, y hoy la insertamos tal como su autor la escribió. Sirvan estas breves líneas de salutación al querido amigo, por cuyo pronto y completo restablecimiento hacemos votos.*»

Na reprodución dos poemas respectamos a ortografía empregada en *A Nosa Terra* (no caso dos que se publicaron varias veces), aínda que poidan existir variantes en reproducións posteriores ou mesmo anteriores, por tratarse da máis próxima á morte do autor e supoñemos contaría coa súa aprobación.

Meus amores

Dous amores a vida	Cando xa no meu peito
Gardar me fan:	Non sinta amor;
A Patria, y-o que adoro	Canda da miña terra
No meu fogar,	Non vexa o sol....
A familia y-a terra	Ven, morte, ven axiña
Onde nacín.....	Cabo de min,
¡Sin esos dous amores	¡qué sin amor nin Patria
Non sei vivir!	Non sei vivir!

(*A Nosa Terra*, nº 1, 4 de agosto de 1907. Reproducido logo en: *Nós, páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*, 15-X-1918; *Galicia*, Caracas, nº 1, Agosto de 1952).

Unha cita

Do crepúsculo â lus nacarada,	Mira a estrela que agora ch´amostro,
Mirando pr´a serra,	Que agora contempas,
No curuto do monte mais alto	Cal espello de amor, dos meus ollos
Lucía unha estrela.	A lus verás n-ela.
¿Vel-a estrela da tarde? —lle dixen—	E verás n-ese espello, duas almas
Se lonxe da terra	n-un solio de estrelas:
Os traballos y as loitas do mundo	a tua alma co a miña, bicandose
Con vida me levan,	moi lonxe da terra.

(*A Nosa Terra*, nº 4, 25 de agosto de 1907. Reproducido logo en *Nós, páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*, 17-IX-1918).

Adios a Galicia

As lixeiras
anduriñas
pra Galicia
vindo van;
veñen ledas
tral-os niños
dos amores
d'outro vrán.

Deixan lonxe
n-outras prayas
os recordos
d' un amor,
y aquí atopan
amor novo,
doces brisas,
craro sol.

¡Quén poidera
tel-as alas
qu'elas teñen
pra voar!
s' así fora
non sintira
tanta pena
por marchar.

Eu como elas
deixo a terra
dos recordos
da niñez;
deixo a patria
dos amores...
sin espranzas
de volver.

Mais Galicia
se un mal fado
separarme
vai de tí,
leva o corpo
porqu' a yalma
toda enteira
deixo aquí.

¡Adios casa,
soutos, ríos,
veigas d' ouro
craro sol...!
¡Adios berce
dos amores...!
¡Hastra sempre...!
¡Voume... ¡adios!

(*A Nosa Terra*, nº 33, 7-IV-1908. Antes fora publicado en *A Monteira*, Lugo, nº 35, 31-V-1890; *El Mendo*, Betanzos, nº 15; 1-VI-1890. Logo foi reproducido innúmeras veces en diferentes publicacións de Galicia e da emigración, comenzando pola betanceira *La Defensa*, nº 85, Betanzos, 12-IV.1908; ...)

Trunfan ouros

Sen coidarte de Dios ni de Satán,
Se n-este mundo quês pasalo ben,
Achégate á quen pode y-á quen ten
E non lle fagas caso ó que dirán.

Cobiza rico ser, fillo de Adán;
Se te chaman Caín, responde: ¡Amen!
O que é bô n-este mundo n' é ninguén
E miran ao qu' é pobre com' á un can.

S'eres rico, aunque seas moi ruín
Anque teñas moi pouco corazón
No mundo has de pasar por serafín.

Os xueces rindiranche o seu bastón,
E serás poderoso mandarín...
¡Qué cárceres e leis pr' os pobres son!

(*A Nosa Terra*, nº 38, 13 de maio de 1908. Antes publicárase no *Almanaque Gallego*, Buenos Aires 1902)

A Galicia

No aniversario da morte de Rosalía

<p>Galicia, non te afrixas, ergue a fronte: Que se calou a céltica cantora Das coitas tuas, xa chegou a hora De vel-o Sol, da libertá, fulxente. Tempral-a lira, non; tempral-a inxente Espada rexional fai falla agora. O que non teña corazón ¡afóra!</p>	<p>Non é teu fillo o que non é valente. Non te afrixas Galicia; pois xa late N-esta xeneracion sangue bravía Que vai da tua libertá ó rescate. ¿Qué importa que non cante Rosalía Se o día que estrelece é de combate...? Calou o rusiñol, comenza o día.</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

(*A Nosa Terra*, nº 47, 22 de xullo de 1908. Antes publicárase en *Revista Gallega*, A Coruña, 1899)

N-un abanico

<p>Teño que escribir uns versos, sexa de calquer maneira, no abanico d' unha amiga que teño na miña aldea.</p> <p>Ela é unha nena garrida, moi xeitosa, moi ben feita, que ten estrelas por ollos e arreboles na meixelas.</p>	<p>E fresca como unhas rosas que a brisa d' Abril randa, y é pura como esa brisa, e pol-o sol é morena.</p> <p>E ademais de todo, e boa, y o decir boa na terra ten un título mais grande que se fora unha princesa.</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

(*A Nosa Terra*, nº 53, 7 de setembro de 1908)

Un rogo

<p>Miña groriosa Virxe da Barca: xá qu' en Galicia botache o áncora, Fai que s' amainen as duras rachas que tanto acóran á miña Pátria. Fai que s' esperten da probe España os mariñeiros que han de salvarla. Fai que o teu barco con eles vaya</p>	<p>¡sempre contigo! contra os piratas... Contra os caciques que sin entranas fan sempre aos debles derramar bágoas; que aos probes rouban, o pan que ganan e contra os fortes cobardes, gában... ¡Virxe groriosa tripula a Barca quero ir contigo contra os piratas!</p>
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

A Cruña, Setembro de 1903.
(*El Eco de Mugía*, nº 21, 13-IX-1903)

**A Curros Enríquez
no día da súa coronación**

Dis qué pidindo frores
De porta en porta,
Pra honrar á Rosalía,
Fuches agora.
E dís qu'eso fixeches
Botando á conta
De que non téis no mundo
Xardíns nin hortas!...
Mais eso non e certo...
(Curros, perdöa
Que destinta ó teu dito)
Pois téis de sobra
Frores no teu inxenio,
Frescas, fermosas...
Que valen mais que cantas
En Mayo botan
Os xardins de Valencia
¡con seren moitas!
Pro, xa, dend' hoxe en diante,

De porta en porta,
Non terás qu'ir pidindo
Cravés nin rosas,
Si qués, para os teus mortos
Tecer coröas,
Galicia enteira bríndache
Xardíns, é hortas,
Onde collerás frores
Pol á tua conta...
E si qués volver, cabe
Da ilustre morta,
Á colgar unha prenda
Sobre á súa tomba,
Tamen Galicia ofréceche
Linda coröa...
E así verás xunguidas
Grorias con grorias:
As tuas, é as do cisne
De «Follas novas».

A terra miña

Si saber queres
como é Galicia,
deixa á cibdade...
vente conmigo,
párate e mira.

¿Ves esas veigas
cheas d'espigas,
qu'ondea ó vento
como dos mares
as aguas riza...?

Pois, prayas, soutos,
veigas, campías,
ríos e montes
qu'aquí contempras...
esa é Galicia

¿Ves eses ecos,
onde se pintan
as alboradas
con arreboles
de casas lindas?

¿Ves esos ríos
que feros brincan
sob'os penedos
ou pasan mainos
pol-as campías...?

¡Galicia amada,
patria querida,
pol-a qu'eu dera
total-as grorias
da vida miña!

A Cruña, 1906

¿Ves esas prayas
que, ora mainiñas,
ora en son ronco,
bañan as ondas
da mar bravía...?

Ves eses montes
que dan cobiza
onde os carballos
y os castiñeiros
frescores brindan...?

(Galicia, Madrid,
nº 9, decembro 1906)¹²

UN CONTO EN GALEGO

No *Almanaque Gallego* de 1907 que editaba en Buenos Aires Manuel Castro López apareceu publicado un conto de Salvador Golpe, o único exemplo de prosa en galego que coñecemos del. Vai dedicado ao propio editor e director da publicación.

A este conto reférese Otero Pedrayo nun artigo sobre Golpe:

«O conto atopado ó arranxar os libros e papés dun vello arcaz, é mais ben tónico, non significa hachádego ningún, pro o linguaxe é bon ó xeito dos costumistas do XIX e hai movemento e pulo no estilo. Trátase dun escribán dos vultúridos e miñatos, sedentos de sangue labrego, que cando xa case cas suas más artes ten engaiolado e no saco ó San Pedro pra se colar no Ceu, é de sutaque papado por Lucifer.»¹³

Contos d'aldea
Nas portas do ceo

(Dedicado á mi amigo y paisano
Manuel Castro López)

N'unha noite moi fera d'inverno, un curial vello morreu, é bulrando aos demos que o perseguían, chegou aas portas do ceo chamando á portería.

—¿Quen é?... —berrou S. Pedro abrindo ao mesmo tempo a porta, coidando qu'era unha alma bendita a que chamaba.

Non ben abreu entrou moi foncho e loumiñeiro o curial, e dixo ao santo:

—Son eu, señor S. Pedro; eu, que sempre fun seu devoto, como vosté ben sabe, e que o teño honrado moitas veces na sua festa onomástica, como agora se dí. O saír do mundo acordeime de vostede, e dixen para min: alí teño o meu padriño que me ha de leixar entrar no ceo; e que, si eso non poidera ser, non me ha de negar, siquera, un currunchiño na sua portería. E por eso aquí me ten ¡meu santiño!

Sorreuse moi gozoso ó santo e díxolle:

—E vosté ¿cómo se chama, meu devotiño, e de onde é?...

—¡Eu!... ¿E vosté non s'acorda? ¡Si son mais conocido qu'un delor de moas! ¿Non sabe que eu son seu tocayo Pedro Falsiñas, Escribán de Número en Vilatorra de 'Abaixo?...

Puxo as gafas S. Pedro, rexistrou os seus apuntes, e, dempois de ben mirados, dixo moi tristeiro fitando por enriba d'os anteollos:

—¡Ai meu filliño, meu filliño!... Eu ben quixera abriroll'a porta... pro ¡hai contra vostede unha sentenza condenatoria!...

—¿De negación de paso, tal vez?...

—Si, meu devoto.

—¿E non ten apelación?

—¡Cómo apelación, si está fallada na última instancia!... ¿Aínda estamos n'esas?

—¿E pódese saber por qué causa?

—¡Friolera! Entr'outras cousas, por falsedade, prevaricación, soborno, cohecho...

—¡Ta, ta, ta, ta!... Pois mire santiño, si pequei n'eso foille sin malicia. No mundo, os do meu oficio téñenlle todo eso por costume, e nin siquera llo confesan nin toman auga bendita. Maxistrados, jueces, gobernadores... ¡todos, todos fan eso! E si así non fora ¿cómo poderían vivir á gusto no mundo? Ademais, os costumes cando, como ese, son moi repetidos, volvénselle leises, por aquilo de que: *Sine scripto jus venit*...

—¡Cale, cale!... —Berrou o santo— ¿Seique coida qu'está en Vilatorra? Non diga herexías... Aquí non rixen as cousas do mundo; aquí non hay mais leises que as de Dios...

—¡Boeno, boeno!... Non se enfade, meu santo... Que lle habemos de facer... ¡Pobre de min! —dixo o Escribán chorando.

—Pro, siquera, léixeme que vexa o ceo pol-o burato da pechadura, e que descanse un pouco n'este cuartiño que ten tan abrigado... ¡Fai por fora tanto frío!...

E dito esto, principiose á pasear pola habitación, mirando e remirando e facendo tempo por si alguén chegaba e S. Pedro se distraía e podía lle roubal-o espediente onde estaban apuntadol-os seus pecados.

Mais com´aquele día era un dos do Antroido no mundo, non chegaba alma bendita aas portas do ceo; aparte de que S. Pedro nin por nadie nin por nada se desporcataba de canto pasaba ó arredor d´el. Como a alma do Escriban vise que S. Pedro estaba moi atento, ideou un recurso e preguntoulle:

—Dígame, meu santo tocaio: ¿hai moito tempo que vostede está n´este destino?...

—¿E non ha d´habere?... —respondeull´o santo. —Dendes do día que me crucificaron aló en baixo.

—Ai, pois d´aquela está seguro: xa ten prescripción inmemorial, porque na terra non hai ninguén que recorde esa fecha. Mais eu entendo, meu santiño, que para maor seguranza debía pedir á noso Señor que lle fixese un papeliño, inda que fora simpre... porque aas veces...

S. Pedro que non entendía moito de leises, quedouse cabilando; e pol-o si ou pol-o non, cerrou ben os caixós do escritorio, e, dempois de decirlle ao Escribán que ll´agardase fora, pechou total-as portas e entrou no ceo, e alí falou con Noso Señor d´aquele negocio.

Noso Señor, non ben se procatou, ceibouse á rir e enseguida díxolle:

—¿Pedro, Pedro!... Ti sei que tes un abogado na casa... Botao fora, Pedro, botao fora: que aquí non pode entrar esa xente...

.....

Cando volveu S. Pedro á portería notou que ulía á xufre, e acordándose do Escribán que quedara fora, dixo entre dentes ao tempo que abría a porta.

—¿Onde andará o meu devoto de Vilatorta d´Abaixo?

Ao que lle contestou axiña un dos anxeliños de guardia:

—Leváronll´os demos.

Salvador Golpe
Coruña, Mayo, 1906

APÉNDICES

I. POEMA DE ENRIQUE LABARTA POSE DEDICADO A SALVADOR GOLPE

Falando da condición de poeta case inédito e da súa condición de xornalista.

La Pequeña Patria. Revista decenal (20-XII-1890).

GALLEGOS DISTINGUIDOS SALVADOR GOLPE

*Mi amigo Salvador Golpe
Es un hombre casi inédito,
Es decir, como escritor,
Que en lo demás no me meto.
En el cajón de su mesa
Guarda Salvador sus versos,
Como el sultán sus mujeres
Y el doctor Koch su secreto.
Esas plantas vigorosas
Y aromáticas que, al fuego
De la inspiración brotaron
En el jardín de su ingenio,
Trasplantolas en mal hora
Para un triste invernadero
Donde el sol no las anima,
Ni la abeja les dá besos,
Ni al pié de sus tallos canta*

*Trovas el grillo á sus pétalos,
Ni la lluvia las refresca,
Ni el aura les presta aliento.
Esclavas de la modestia
De un tímido jardinero´
Que al verlas tan lindas, quiso
Quizá ocultarlas, por miedo
A la escarcha de la envidia
O de la crítica al cierzo,
Allí están entre las tablas
De un cajón negro, muy negro,
Que mas que cajón, parece
El nicho de un cementerio,
«¡Libertad!» clamando á voces
Desde el fondo de su encierro.
Salvador: tus poestas
Piden lo que pide el pueblo:*

*«¡Libertad!» dásela pronto
Y no hagas como el Gobierno.
Solo esperan, cual los justos
Por el santo advenimiento,
A que del cajón las saques
Y al público las des presto
En forma de ramillete
Tan hermoso y tan perfecto,
Que las musas de seguro
Regocijaranse al verlo
Y aquel día en el Parnaso
Habrá música y festejos.
Cese, pues, amigo Golpe,
Tu papel de carcelero
Y sálvalas del olvido:
Que las vea el universo;
Porque entonces, Salvador,*

*Darás un Golpe de efecto
¿Pero quien me mete á mi,
Señores, á dar consejos
A quien no los necesita
Ni me los pidió ex profeso?
He seguido la corriente
Moderna sin pretenderlo:
¿Hoy todo el mundo aconseja,
Pero nadie dá dinero!*

*Aunque los versos de Golpe
Están cual si fueran reos
Todos juntos encerrados
En una sala de hierro,
Muchos burlar su modestia
Mas de una vez consiguieron;
Y á modo de golondrinas
Que tornan de su destierro,
Fueron á colgar sus nidos
Y á posar su fácil vuelo
En revistas, almanaques
Y periódicos, á cientos.
El primero que escapó,
Fue un bellissimo soneto
Que «¡Viva el Rey!» titulábase,
Y en verdad con mucho acierto;
Que si en vez de «¡Viva el Rey!»
Modulando otro gorgojo
Dice: «¡Viva la República!»
Acaso sin darle tiempo*

*Para repetir, de fijo
Que lo enjaulaban de nuevo.

Si como poeta es Golpe
Notable por mil conceptos,
También como periodista
En verdad que no lo es menos
Cuando joven escribió
Para La Moda, El Comercio,
El Diario de Santiago,
El Noroeste y el Correo.
En El Clamor del País
Colaboró también luego
Y en El Clamor de Galicia,
Que suman dos clamoreos
En los que colaboramos
Juntos todos los gallegos.
Mas ¿qué importa, si clamamos
Como quien clama en desierto?
Más tarde, ya no es posible
Seguir á Golpe en su vuelo
Y enumerar las Revistas,
Periódicos y folletos
Que se honraron con la firma
De este escritor tan correcto,
Tan atildado y castizo,
Que si el fruto de su ingenio
Adquiríese humana forma,
Vestiría, lo estoy viendo,
De frak, sombrero de copa,*

*Guante blanco y traje negro.

He bosquejado á mi amigo
Golpe, bajo dos aspectos,
Y puede el lector sentarse
Porque aun me falta el tercero:
Hablar dél como abogado,
Que lo es sin duda muy bueno,
Y las leyes del estilo
Las sabe en todos los terrenos.
Mucho pudiera decir;
Mas, con harto sentimiento
Me callo, porque ya quedan
Poco espacio y menos tiempo.

Es Salvador, en resumen,
Un bellissimo sujeto,
Guapo como ustedes ven,
Listo cual todos sabemos,
Dulce, simpático, amable...
Y si tiene algún defecto
¿Saben ustedes cual es?
El ser sobrado modesto.
Séame, pues, permitido
Al dar cima á este boceto,
Saludar con un «¡aprieta!»
Al buen soldado gallego,
Que por la pequeña patria
Lucha siempre en primer
término.*

Enrique Labarta Pose

II. EUGENIO CARRÉALDAO EN «LITERATURA GALLEGA». 1911

Pérdida grande y reciente han experimentado las letras patrias con la muerte de Salvador Golpe, entusiasta defensor de Galicia, distinguido letrado, periodista de renombre, autor de Regionalismo y lenguaje, Patria y Región, De la Coruña a la cárcel pasando por Galicia y otras varias obras de mérito y fama reconocidas y poeta inspirado.

Murió Golpe rendido, mas que por el peso de los años, por dolores y tristezas de la vida que se mostró bastante ingrata con este ilustre hijo de Galicia.

La musa de Salvador, tierna y soñadora, se presenta en ocasiones robusta y de acción según los sentimientos que la evocan, especialmente cuando fustiga injusticias sociales. Poco, por desdicha de las letras gallegas, ha dejado escrito en nuestra armoniosa lengua él, que tanto y tan hermoso podía habernos legado en herencia. Arrebatóle la muerte á su país y al cariño de los suyos, cuando más podía esperarse de él y sin dejarnos, como pensaba, coleccionadas en un volumen sus sentidas poesías gallegas, diseminadas aquí y allá en las efímeras páginas de varias revistas.

Los dos grandes sentimientos de Golpe, los principales inspiradores de su musa, la patria y el hogar, los supo transmitir fielmente en sus celebrados Meus amores que no pueden leerse ni oírse cantar¹ sin que nos embargue dulcísima y tierna emoción que conmueve nuestra alma.

1. Puesta en música, como otras poesías de Golpe, por el maestro gallego Baldomir, es conocidísima en toda España.

BIBLIOGRAFIA

- Carré Aldao, E., 1911, *Literatura Gallega*. 2ª ed. Barcelona, Ed. Maucci.
- Cea, Soqui, 2002, «Estudio sobre a orixe melidense de Salvador Golpe Varela», en *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, nº 15, decembro de 2002, páx 77-86.
- Fernández del Riego, F., 1971, *Historia da literatura galega*. Vigo, Editorial Galaxia.
- Máiz, R., 1984, *O Rexionalismo Galego: Organización e ideoloxía (1886-1907)*. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Sada, Edicións do Castro.
- Martínez Barbeito, C., 1978, *Torres, pazos y linajes de la provincia de la Coruña*. A Coruña, Publicacións da Deputación Provincial.
- Naya Pérez, J., 1969-1970, «Los poetas gallegos y Curros Enríquez», en *Revista del Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses*, nº 5-6, A Coruña, páxs. 125-152.
- Otero Pedrayo, Ramón, 1969, «No sulco e ronsel dun poeta bó: Salvador Golpe». *Revista Chan*, nº 20, II quincena, Madrid, decembro de 1969.
- Torres, X., 1988, «Retrincos da historia: Os Golpe e a casa de Paio». *A Nosa Terra*, 25 III 1988, nº 336.
- 1994, «Escritores das Mariñas. Salvador Golpe», en A Xanela, Suplemento cultural de *Betanzos y su Comarca*, nº 5, outubro de 1994.
- Vales Villamarín, F., 2006, «Partida de bautismo del literato gallego Salvador Golpe Varela («Pedro de Merille»).— Año 1850". Recóllese na *Obra completa*, páx 1212-1221. Betanzos, Briga Edicións.
- Vilanova Rodríguez, A., Voz «Golpe, Salvador», *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 16.

NOTAS

1. «Partida de bautismo del literato gallego Salvador Golpe Varela («Pedro de Merille») — Año 1850". Recóllese na *Obra completa de Vales Villamarín*, páx 1212-1221. Briga Edicións, Betanzos, 2006.
2. A. Vilanova na Gran Enciclopedia Gallega, tomo 16, dá erroneamente o mes de xuño como o do nacemento, ao tempo que tamén erra no lugar de falecemento.
3. Carlos Martínez Barbeito: *Torres, pazos y linajes de la provincia de la Coruña*. Publicacións da Deputación Provincial, A Coruña, 1978.
4. *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, nº 15, decembro de 2002, páx 77-86.
5. Fernández del Riego, F.: *Historia da literatura galega*. Editorial Galaxia, Vigo, 1971.
6. Para a comprensión desta etapa rexionalista do pensamento e política galeguista véxase: R. Máiz: *O Rexionalismo Galego: Organización e ideoloxía (1886-1907)*. Ed. do Castro, 1984.
7. *El Noroeste*, nº 4989, A Coruña, 24-VI-1909.
8. Quizá se tratase de Cuntis, e non Curtis, a onde o presidente Murguía iría tomar as augas.
9. *Las Mariñas*, nº 134; Betanzos, 4-XII-1892.
10. E. Carré Aldao: *Literatura Gallega*. Edt. Maucci, 2ª ed. Barcelona, 1911.
11. Juan Naya Pérez: «Los poetas gallegos y Curros Enríquez», en *Revista del Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses*, nº 5-6, A Coruña, 1969-1970, páxs. 125-152.
12. O meu agradecemento ao amigo Xulio Rozados polas súas eficaces e áxiles xestións na Hemeroteca Nacional de Madrid.
13. Otero Pedrayo, R.: «No sulco e ronsel dun poeta bó: Salvador Golpe». *Revista Chan*, nº 20, II quincena, Madrid, decembro de 1969.